

## PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2023, ED481D e IN606C

Pregunta	Asunto / Artigo
<p><b>¿Cando se publicará a convocatoria posdoutoral para o ano 2023 no DOG?</b> O 27 de xuño de 2023.</p>	<p>Data de publicación da convocatoria</p>
<p><b>ASPECTOS TÉCNICOS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA</b></p> <p>Para ese tipo de dúbidas convén coordinarse co equipo informático ou, directamente, redirixir a chamada ao 012 e recomendando:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>O uso dun navegador web.</li> <li>A Chave 365 como dispositivo para a identificación e sinatura de documentos (e pola súa facilidade e rapidez para obtela -na páxina web correspondente indican unha ampla rede de puntos para solicala).</li> <li>Cando chamen ao 012 para cuestións técnicas recomendar aos administrados que, se é posible, o fagan na compañía de persoal informático do centro dende onde chamen.</li> </ol> <p><b>Vou ser presentada a estas axudas a través dunha universidade do SUG. A onde teño que dirixirme para obter información?</b></p> <p>No seu caso, o órgano tramitador da solicitude na que figura é a Secretaría Xeral de Universidades coa que poderá contactar a través dos teléfonos 881995152 / 881957649 ou do correo <a href="mailto:promocioncientifica.educacion@xunta.gal">promocioncientifica.educacion@xunta.gal</a>.</p> <p><b>Vou ser presentada a estas axudas a través dunha entidade allea ao SUG. A onde teño que dirixirme para obter información?</b></p> <p>No seu caso, o órgano tramitador da solicitude na que figura é a Axencia Galega de Innovación, coa que poderá contactar a través dos teléfonos 881999213 / 981543991 ou do correo electrónico <a href="mailto:axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal">axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal</a>.</p> <p><b>¿Como teñen que facer os administrados para preparar a solicitude?</b></p> <p>Entrar na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<a href="https://sede.xunta.gal/portada">https://sede.xunta.gal/portada</a>) e buscar a palabra "Posdoutoral" no buscador da devandita sede. Para as solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia (SUG) figura o código ED481D; para as alleas ao SUG, o código é o IN606C.</p> <p><b><u>Importante: este procedemento estará activo na Sede Electrónica a partir do día seguinte á publicación no DOG desta convocatoria.</u></b></p> <p>Na lapela de <b>Presentación</b> da Sede Electrónica teñen todos a Sección de "<b>Anexos Asociados</b>", que as persoas investigadoras solicitantes poderán cubrir e gardar como <b>BORRADOR</b> que, posteriormente, poderá ser compartido coa entidade que vaia a presentar e asinar a solicitude a través desta Sede electrónica.</p> <p>O <b>Anexo I</b> (para solicitudes no ámbito do SUG) ou o <b>Anexo I bis</b> (para solicitudes de entidades alleas ao SUG) é o formulario de solicitude principal que deberá ser asinado electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante.</p> <p>O resto de anexos e documentación presentada poderá ser asinada manual ou electronicamente (ou, no caso de ter varias sinaturas, manual e electronicamente nun mesmo documento).</p>	<p>Cuestións xerais</p>

## PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2023, ED481D e IN606C

Pregunta	Asunto / Artigo
<p><b>Quero presentarme a esta convocatoria pero a convocatoria posdoutoral non coincide coa especificada no artigo 2 das bases da convocatoria. Podo presentarme a estas axudas?</b></p> <p>En primeiro lugar, para acceder a estas axudas deberá ser presentado por unha das entidades citadas no artigo 2: universidades do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia. Deste xeito, vostede poderá ser presentado a esta convocatoria por unha destas entidades pero, non cumprirá os requisitos se non estivo contratado ao abeiro dalgunha das seguintes convocatorias:</p> <p>a) A través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2019 e que non renunciaron ao contrato.</p> <p>b) A través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2018, que tiveron unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei, que finalizaron o contrato e que non se presentaron á convocatoria de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral de 2022.</p> <p><b>Quero presentarme a esta convocatoria, estiven contratada na modalidade A da convocatoria posdoutoral de 2019 pero agora desexo desenvolver a etapa de continuación posdoutoral noutra entidade. Podo facelo?</b></p> <p>Non. O contrato derivado destas axudas deberá desenvolverse na mesma entidade e pola mesma área en que a persoa contratada desenvolveu o seu contrato da etapa inicial de formación posdoutoral. Así mesmo, non se autorizarán cambios de praza e área durante a vixencia do contrato, agás por circunstancias sobrevidas de forza maior.</p>	<p>Artigo 2: beneficiarios</p>
<p><b>Quero presentarme a estas axudas pero o obxecto da miña investigación non ten adecuación posible coa RIS3 Galicia, podería presentarme igual?</b></p> <p>Si, a pesar de que a convocatoria menciona nas súas bases a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, o seu proxecto de investigación non ten que ter obrigatoriamente unha adecuación con esta estratexia.</p>	<p>RIS3 Galicia</p>
<p><b>Haberá unha reserva de prazas para persoas con discapacidade?</b></p> <p>Esta é unha convocatoria de continuación da formación de persoal previamente contratado ao abeiro do programa posdoutoral inicial da Xunta de Galicia. Nestas convocatorias iniciais prevese unha reserva de prazas para persoas con discapacidade. Agora ben, dado que esta reserva non se cubriu nas citadas convocatorias iniciais, loxicamente esta non poderá existir nas axudas para completar a etapa posdoutoral.</p> <p><b>Hai reserva de prazas para persoas de nacionalidade non comunitaria?</b></p> <p>Nas axudas posdoutorais iniciais non hai requisitos de nacionalidade para a presentación de persoas candidatas (a diferenza das axudas predoutorais da Xunta de Galicia) e, polo tanto, tampouco hai un límite de prazas para persoas de nacionalidade non comunitaria (agora ben, estas persoas estranxeiras deberán ter obtido o grao de doutoramento no estado español ou, no caso de que este sexa obtido no estranxeiro, deberá estar homologado ou ser equivalente segundo o establecido no Real Decreto 889/2022). Deste xeito, a posibilidade de acceso de persoas non comunitarias a estas axudas dependerá dos contratos previos na etapa posdoutoral inicial.</p>	<p>Artigo 2: beneficiarios</p>

## PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2023, ED481D e IN606C

Pregunta	Asunto / Artigo
<p><b>É obrigatoria a realización de estadias no estranxeiro nesta convocatoria ou se pode presentar un plan de estadias en centros de Galicia ou do Estado?</b></p> <p>Non. A finalidade desta convocatoria é posibilitar a continuación da formación das doutoras e doutores que comezaron a súa formación posdoutoral, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.</p>	-
<p><b>Con respecto aos gastos asociados á creación dunha liña de investigación propia, debo presentar un orzamento detallado desta?</b></p> <p>Si, segundo o artigo 6.1.d) das bases da convocatoria, deberá presentar un plan de traballo con especial referencia á liña propia de investigación que se pretende establecer e ao seu orzamento. Neste orzamento deberá detallar os gastos que se consideran elixibles segundo o artigo 4 das bases da convocatoria, e ademais deberá estar desagregado segundo as anualidades nas que se desenvolven os dous anos da axuda (2023, 2024 e 2025). Ademais, deberá ter en conta o importe máximo que se concede para a liña de investigación propia en cada unha destas anualidades (artigo 3 das bases da convocatoria) e os requisitos dos conceptos subvencionables, principalmente no que respecta ás viaxes e axudas de custo e aos custos indirectos (artigo 4).</p>	<p>Artigo 4: conceptos subvencionables</p> <p>Artigo 6: Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento</p>
<p><b>Eu estiven tiven un permiso por maternidade no ano 2012. Este feito pode repercutir na puntuación final que obteña nesta convocatoria?</b></p> <p>Efectivamente, poderá repercutir positivamente na súa puntuación no caso de que este período se producira entre os cinco anos anteriores á data de lectura da súa tese de doutoramento tese e a data de peche de presentación de solicitudes para esta convocatoria. O disfrute de permisos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso no período sinalado empregárase para calcular o denominado factor de corrección (disposto no artigo 11.3 das bases da convocatoria), que incrementará a puntuación obtida na avaliación da correspondente solicitude.</p>	Factor de corrección (Artigo 11.3)
<p><b>Na avaliación desta convocatoria, cal é a puntuación mínima a partir da cal pode obter unha axuda nesta convocatoria?</b></p> <p>Para garantir a calidade das propostas presentadas será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 75 puntos no proceso de avaliación para poder obter a axuda. Agora ben, ao tratarse dun proceso de concorrencia competitiva, a consecución da praza dependerá da puntuación obtida polo resto de persoas candidatas.</p> <p><b>Se obteño na miña avaliación unha puntuación inferior a 75 puntos pero, polas miñas circunstancias, teño un factor de corrección, por mor dun permiso de paternidade, que pode aumentar esta puntuación. Estou en disposición de obter a axuda?</b></p> <p>Non. O factor de corrección poderá engadirse á puntuación da súa avaliación sempre e cando, previamente, obteña nesta unha puntuación igual ou superior a 75 puntos.</p>	Artigo 10: criterios de valoración
<p><b>Cando comezarán os contratos derivados destas axudas?</b></p> <p>A partir do día 16 de setembro de 2023. Esta data quedará fixada na correspondente resolución de adxudicación.</p>	Artigo 3: número, duración e importe das axudas

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2023, ED481D e IN606C**

Pregunta	Asunto / Artigo
<p><b>No caso de obter a axuda, podería renunciar antes da finalización dos 2 anos de contrato?</b></p> <p>Si. O mecanismo das renuncias figura no artigo 19 das bases da convocatoria: a entidade beneficiaria deberá informar á Secretaría Xeral de Universidades, enviando un escrito motivado asinado pola persoa contratada, <u>nun prazo mínimo de 15 días naturais desde que esta se produza.</u></p> <p><b>Quedei na lista de espera destas axudas. Podería acceder a estas?</b></p> <p>Si, se algunha das persoas contratadas inicialmente renuncia no prazo de 3 meses a partir da data de publicación da resolución de concesión. Se se dera este caso poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera do órgano instrutor no que se producira a renuncia (isto é, a lista de espera das solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia e independente da lista de entidades alleas a este).</p>	<p>Artigo 19: renuncias ás axudas, novas incorporacións</p>
<p><b>No caso de obter a axuda, poderíanse pedir anticipos para o seu pagamento?</b></p> <p>Non. Esta convocatoria non prevé anticipos.</p>	<p>Artigo 15: libramento da subvención</p>